# Breve guía para mellorarmos o uso do GALLEGO

Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo

# GALLEGO



© da Universidade de Vigo e das autoras dos textos, 2022

© Refachos Edicións, 2022

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-123028-9-9

Depósito legal: VG 267-2022

Impreso en Jadfel Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

LIMIAR 4

CUESTIÓNS ORTOGRÁFICAS
E GRAMATICAIS 6

REDACCIÓN E ESTILO 16

PARA ESQUECERMOS... 24

GALL

LIMIAR

EGO

O coñecemento básico da variedade estándar do galego e das normas que regulan o seu emprego está ben estendido na poboación galega menor de 50 anos. O sistema educativo e, en menor medida, os medios de comunicación contribuíron de xeito notorio a esa expansión. Mais queda aínda moito traballo por facer, se temos en consideración que, logo de máis dunha década aprendendo lingua galega, se constata a reiteración dunha chea de erros, na oralidade e na escritura, en moitas persoas que, ben se converten en neofalantes da lingua nalgún momento da súa vida, ben falan esporadicamente o idioma. Tamén entre falantes tradicionais, na medida en que para elas e eles o estándar é unha variedade nova.

Mellorar o dominio formal e funcional dun idioma constitúe un esforzo permanente en todos e todas as falantes, maiormente como unha esixencia persoal. Agora ben, canto mellor é o dominio dunha lingua, máis favorable adoita ser a valoración social, académica e laboral. Certamente, errar nos usos das linguas é algo inherente ao seu manexo, nomeadamente cando é unha lingua aprendida na socialización secundaria. Así, cómpre avanzar nese dominio, superar os erros que conforman a nosa peculiar forma de comunicármonos e engrandecer o control que temos sobre as nosas prácticas comunicativas en lingua galega.

En Galicia, dada a situación de contacto conflitivo que temos entre as dúas linguas oficiais, os erros na lingua minorada constitúen unha «normalidade» que semella aceptada. Non acontece o mesmo, de certo, cos erros ao redor do castelán de Galicia, en particular coas súas formas escritas, que adoitan estar moito máis (auto)vixiadas.

Con este documento que agora presentamos, desde a Área de Normalización Lingüística queremos seguir contribuíndo a superar esas eivas. Centramos o traballo nos erros máis frecuentes atopados en textos de toda índole que revisamos día a día. Agardamos que poida ser de utilidade para todas as persoas que procuramos mellorar o noso galego. Queda nas nosas mans!

Fernando Ramallo

Director da Área de Normalización Lingüística

GAL

# CUESTIÓNS ORTOGRÁFICAS E GRAMATICAIS

EGO

## 1. ACENTO GRÁFICO

| | | |
|---|---|---|
| (hiatos) | *ruido, fluido, sua, construir, ainda | √ ruído, fluído, súa, construír, aínda |
| (ditongos decrecentes) | *ademáis, quizáis, conseguíu, ambientáis | √ ademais, quizais, conseguiu, ambientais |
| (maiúsculas) | *Indice, Album | √ Índice, Álbum |
| (abreviaturas) | *vex., num. | √ véx., núm. |
| (copretérito de indicativo) | *imaxinábamos, teríamos, medíamos | √ imaxinabamos, teriamos, mediamos |
| (adverbios rematados en _mente) | *específicamente, estatísticamente, únicamente | √ especificamente, estatisticamente, unicamente |
| (pronomes interrogativos e exclamativos) | *cándo chega?, qué frío vai! | √ cando chega?, que frío vai! |
| (monosílabos) | *sí, mín, él | √ si, min, el |
| (estranxeirismos adaptados) | *marketing, slalom, bumerang, handicap | √ márketing, slálom, búmerang, hándicap |

## 2. ACENTO DIACRÍTICO

| | |
|---|---|
| *isto da lugar a unha nova proposta | √ isto dá lugar a unha nova proposta |
| *aceptouno como un amigo mais | √ aceptouno como un amigo máis |
| *o vídeo realizámolo ti como produtora e máis eu como directora | √ o vídeo realizámolo ti como produtora e mais eu como directora |
| *compre incidir na participación | √ cómpre incidir na participación |
| * non atenden o público fora da xornada | √ non atenden o público fóra da xornada |
| *esta preocupación ven de atrás | √ esta preocupación vén de atrás |

## 3. SIGLAS CON MARCA DE PLURAL OU CON PUNTOS

| | |
|---|---|
| *as TICs, as ANPAs, os ERTEs | √ as TIC, as ANPA, os ERTE |
| *C.E.I.P., I.E.S., N.I.F, I.V.E | √ CEIP, IES, NIF, IVE |

## 4. XÉNERO

| | |
|---|---|
| *a labor, a sinal, o análise, o porcentaxe, o aprendizaxe, o mensaxe, o paisaxe, o arte, coa fin, elementos cotiás, o dor, o ponte, o calor | √ o labor, o sinal, a análise, a porcentaxe, a aprendizaxe, a mensaxe, a paisaxe, a arte, co fin, elementos cotiáns, a dor, a ponte, a calor |

## 5. *AMBOS, AMBAS* SEN ARTIGO CANDO ACOMPAÑAN UN SUBSTANTIVO

| | |
|---|---|
| *existe en ambos ámbitos | √ existe en ambos os ámbitos |
| *ambas entidades | √ ambas as entidades |
| *ambos xéneros | √ ambos os xéneros |

## 6. *CITADO, DEVANDITO, DITO* SEN ARTIGO

| | |
|---|---|
| *citados impactos, devandito libro, dita variable | √ os citados impactos, o devandito libro, a dita variable |

## 7. *GRAN/GRANDE* (+ VOGAL OU CONSOANTE)

| | |
|---|---|
| *gran aceptación, grande valor, gran apoio, gran utilidade, gran home | √ grande aceptación, gran valor, grande apoio, grande utilidade, grande home |

## 8. *POST-* (+ VOGAL, *S* OU *H*)/*POS-* (+ CONSOANTE)

| | |
|---|---|
| *post-fotografía, posoperatorio, postguerra, postgrao | √ posfotografía, postoperatorio, posguerra, posgrao |

## 9. *SUBSTANTIVO + A + INFINITIVO*

| | |
|---|---|
| *pasos a seguir | √ os pasos que se deben seguir // que cómpre seguir |
| *aspecto a ter en conta | √ aspecto que cómpre ter en conta // que hai que ter en conta |
| *obxectivos específicos a conseguir | √ obxectivos específicos para conseguir |

## 10. COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO

| | |
|---|---|
| *neste informe se analizan diferentes métodos | √ neste informe analízanse diferentes métodos |
| *por isto, a considera un problema social | √ por isto, considéraa un problema social |
| *dixo que viña, pero te vai recoller antes | √ dixo que viña, pero vaite recoller antes |
| *que as forzas e as debilidades relaciónanse coa persoa | √ que as forzas e as debilidades se relacionan coa persoa |

## 11. *MESMO* CON VALOR ANAFÓRICO

| | |
|---|---|
| *no mesmo faise un percorrido detallado | √ neste faise un percorrido detallado |
| *a corrente incrementa debido ao aumento manual da mesma | √ a corrente incrementa debido ao seu aumento manual |
| *o formato das mesmas está motivado | √ o seu formato está motivado // o formato destas está motivado |
| *o mapa é moi amplo e na figura extráese unha captura do mesmo | √ o mapa é moi amplo e na figura extráese unha captura del // deste |
| *revisáronse os prazos e decidiuse continuar cos mesmos | √ revisáronse os prazos e decidiuse continuar con estes // con eles |

## 12. *ELO* (PRONOME)

| | |
|---|---|
| *para elo é necesario saber algúns criterios | √ para iso é necesario saber algúns criterios |
| *por elo non distingue entre a atmosfera e o espazo | √ por isto non distingue entre a atmosfera e o espazo |

## 13. PREPOSICIÓN *A* + COMPLEMENTO DIRECTO

| | |
|---|---|
| *o grupo incluía a dez nenas e nenos | √ o grupo incluía dez nenas e nenos |
| *respondo aos comentarios | √ respondo os comentarios |
| *introducir ao estudantado | √ introducir o estudantado |

## 14. FALTA DE CONCORDANCIA ENTRE O COMPLEMENTO INDIRECTO E O PRONOME *(LLE/LLES)*

| | |
|---|---|
| *permítenlle ás persoas involucrarse | √ permítenlles ás persoas involucrarse |
| *como podemos utilizar os temas que lles interesan ao alumnado? | √ como podemos utilizar os temas que lle interesan ao alumnado? |
| *esta iniciativa propúxoselle aos centros escolares | √ esta iniciativa propúxoselles aos centros escolares |

## 15. AUSENCIA DA REDUPLICACIÓN DO COMPLEMENTO INDIRECTO

| | |
|---|---|
| *preguntei historias á xente maior | √ pregunteille historias á xente maior |
| *pediuse ás empresas | √ pedíuselles ás empresas |
| *achegar ao alumnado | √ achegarlle ao alumnado |

## 16. CARENCIA DE CONTRACCIÓNS

| | |
|---|---|
| *corresponde as fontes de consulta empregadas | √ corresponde ás fontes de consulta empregadas |
| *dota as infusións de unha alta capacidade | √ dota as infusións dunha alta capacidade |
| *realizouse con un prototipo | √ realizouse cun prototipo |
| *na cidade de A Coruña | √ na cidade da Coruña |
| *clúster impulsado por a asociación | √ clúster impulsado pola asociación |

## 17. *CA (CON + A)*

| | |
|---|---|
| *as interaccións ca nena | √ as interaccións coa nena |
| *esta travesía finaliza cas conclusións | √ esta travesía finaliza coas conclusións |

## 18. ANTEPRETÉRITO DE INDICATIVO *(-RA)*

| | |
|---|---|
| *as partidas que puideran xurdir | √ as partidas que puidesen xurdir |
| *antes de que comezara o seguinte | √ antes de que comezase o seguinte |
| *pretendeuse que o estudantado estivera máis motivado | √ pretendeuse que o estudantado estivese máis motivado |

## 19. *FAI POUCO, FAI FRÍO*

| | |
|---|---|
| *fai pouco tempo | √ hai pouco tempo |
| *fai miles de anos | √ hai miles de anos |
| *fai frío esta mañá | √ vai frío esta mañá |

## 20. FORMAS VERBAIS ERRÓNEAS

*a pandemia fai que estas actividades só estén deseñadas

√ a pandemia fai que estas actividades só estean deseñadas

*estas ideas están basadas en experiencias que lle ocurriron na súa vida

√ estas ideas están baseadas en experiencias que lle ocorreron na súa vida

*de xeito que se poda adaptar ao acelerador analóxico

√ de xeito que se poida adaptar ao acelerador analóxico

*pode axudar a correxir este problema

√ pode axudar a corrixir este problema

## 21. ALTERNANCIA VOCÁLICA

*o modelo sirve de soporte

√ o modelo serve de soporte

*a xente sigue habitando a zona

√ a xente segue habitando a zona

*isto convírteo nun problema

√ isto convérteo nun problema

*eles non consumen produtos cárnicos

√ eles non consomen produtos cárnicos

*xurde a estrutura secundaria

√ xorde a estrutura secundaria

## 22. *IR + A + INFINITIVO*

*os sistemas van a ser o obxecto fundamental

√ os sistemas van ser o obxecto fundamental

*esta definición será a que imos a utilizar para clasificar as empresas

√ esta definición será a que imos utilizar para clasificar as empresas

## 23. *TER + PARTICIPIO*

| | |
|---|---|
| *teñen sido as mulleres sobre as que recaeu o maior peso | √ foron as mulleres sobre as que recaeu o maior peso |
| *puideron ter sido algúns dos grupos | √ puideron ser algúns dos grupos |
| *a crise sanitaria ten reforzado as desigualdades | √ a crise sanitaria reforzou as desigualdades |

## 24. INFINITIVO CON VALOR DE MANDATO OU COMO VERBO PRINCIPAL

| | |
|---|---|
| *ver a figura, ver a táboa | √ véxase a figura, véxase a táboa |
| *indicar que o libro de texto segue a ser unha entidade con forza no proceso de aprendizaxe | √ cómpre indicar que o libro de texto segue a ser unha entidade con forza no proceso de aprendizaxe |

## 25. XERUNDIO DE POSTERIORIDADE

| | |
|---|---|
| *isto minora a evolución do programa chegando a valores non adecuados | √ isto minora a evolución do programa e chega a valores non adecuados |
| *o sistema respecta os ciclos permitindo un uso seguro | √ o sistema respecta os ciclos e permite un uso seguro |
| *este termo muda dando lugar a conceptos diferentes | √ este termo muda e dá lugar a conceptos diferentes |

## 26. NEGACIÓN

| | |
|---|---|
| *sen remuneración algunha | √ sen remuneración ningunha |
| *no caso de non existir previsión algunha | √ no caso de non existir previsión ningunha |

## 27. AUSENCIA DA PREPOSICIÓN *A*

| | |
|---|---|
| *unha relación amigable cara el | √ unha relación amigable cara a el |
| *fronte a diversidade | √ fronte á diversidade |
| *xunto ela | √ xunto a ela |
| *respecto a terra | √ respecto á terra |

## 28. *SENÓN/SE NON*

| | |
|---|---|
| *non só achega beneficios, se non que tamén se trata dun dereito | √ non só achega beneficios, senón que tamén se trata dun dereito |
| *senón fose pola túa nai, estariamos aínda en terra | √ se non fose pola túa nai, estariamos aínda en terra |
| *o teatro non é só espectáculo, se non tamén drama | √ o teatro non é só espectáculo, senón tamén drama |

# GAL
# REDACCIÓN E ESTILO
# EGO

## 29. COMA (,) ENTRE O SUXEITO E O VERBO

| | |
|---|---|
| *a natureza, o patrimonio e a cultura, forman parte da nosa evolución | √ a natureza, o patrimonio e a cultura forman parte da nosa evolución |
| *este feito, tamén se produce no teatro | √ este feito tamén se produce no teatro |

## 30. COMA (,) ANTES DE *ETC.*

| | |
|---|---|
| *os exemplos típicos son os accionamentos de motores, fontes de alimentación, etc. | √ os exemplos típicos son os accionamentos de motores, fontes de alimentación etc. |
| *a unidade presenta contidos básicos: alfabeto, números, saúdos, etc. | √ a unidade presenta contidos básicos: alfabeto, números, saúdos etc. |

## 31. COMA (,) NO SAÚDO DOS CORREOS ELECTRÓNICOS E DAS CARTAS

| | |
|---|---|
| *Prezada comunidade universitaria, | √ Prezada comunidade universitaria: |
| *Bos días, | √ Bos días: |

## 32. PUNTO OU DOUS PUNTOS AO FINAL DOS TÍTULOS

| | |
|---|---|
| *4.2. Tipografía. | √ 4.2. Tipografía |
| *Anexo 1. Ficha do equipo técnico. | √ Anexo 1. Ficha do equipo técnico |
| *Resumo:<br>O obxectivo deste TFG... | √ Resumo<br>O obxectivo deste TFG... |

## 33. DOUS PUNTOS ENTRE O VERBO E OS COMPLEMENTOS

| | |
|---|---|
| *as palabras clave foron: traballo social, violencia de xénero e igualdade | √ as palabras clave foron traballo social, violencia de xénero e igualdade |
| *consta de: un panel solar, unha placa e unha batería | √ consta dun panel solar, unha placa e unha batería |
| *os instrumentos musicais analizados son: a frauta, a gaita e a pandeireta | √ os instrumentos musicais analizados son a frauta, a gaita e a pandeireta |

## 34. ANOS ACADÉMICOS CON GUIÓN

| | |
|---|---|
| *curso académico 2021-2022 | √ curso académico 2021/2022 |
| *primeiro cuadrimestre 2022-2023 | √ primeiro cuadrimestre 2022/2023 |

## 35. SÍMBOLOS SEN ESPAZO DURO (MICROESPAZO)

| | |
|---|---|
| *65%, 20m, 2l, 25W, 18°C, 24h | √ 65 %, 20 m, 2 l, 25 W, 18 °C, 24 h |

Espazo duro:
[Ctrl + Shift + espazo]

En Mac:
[Alt + Cmd + x]

## 36. SUPERÍNDICES E SUBÍNDICES

| | |
|---|---|
| *Mª, CO2, 4° | √ M.ª, $CO_2$, 4.° |

## 37. CITAS EN LETRA CURSIVA

*Aguilar (2009: 212) entende o maltrato infantil como «*o conxunto de accións provocadas a un menor de idade, e efectuadas intencionalmente e que (...) propician o desenvolvemento de graves secuelas*».

√ Aguilar (2009: 212) entende o maltrato infantil como «o conxunto de accións provocadas a un menor de idade, e efectuadas intencionalmente e que (...) propician o desenvolvemento de graves secuelas».

**«O teatro é unha práctica socio-persoal e comunicativa.»* (Navarro e Núñez, 2007: 227)

√ «O teatro é unha práctica socio-persoal e comunicativa.» (Navarro e Núñez, 2007: 227)

## 38. LIBROS, XORNAIS, REVISTAS, PELÍCULAS ETC., EN LETRA REDONDA

*a publicidade dixital dos xornais galegos Nós Diario, Praza Pública e Galicia Confidencial

√ a publicidade dixital dos xornais galegos *Nós Diario*, *Praza Pública* e *Galicia Confidencial*

*capturas do documental «Ancares, a serra esquecida»

√ capturas do documental *Ancares, a serra esquecida*

## 39. LEIS SEN ARTIGO NAS DATAS, EN LETRA CURSIVA E EN MAIÚSCULAS

**Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro*

√ Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro

**Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor*

√ Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor

## 40. MAIÚSCULA DESPOIS DE DOUS PUNTOS

| | |
|---|---|
| *Mercadotecnia internacional: Orixe e evolución | √ Mercadotecnia internacional: orixe e evolución |
| *Desenvolvemento: Obra plástica | √ Desenvolvemento: obra plástica |
| *Fonte: Elaboración propia | √ Fonte: elaboración propia |

## 41. MATERIAS, CURSOS E MESTRADOS

| | |
|---|---|
| *Coñecemento do Medio | √ Coñecemento do medio |
| *Curso de Redacción e Estilo | √ Curso de redacción e estilo |
| *Mestrado en Lingüística Aplicada | √ Mestrado en lingüística aplicada |

## 42. CARGOS E PROFESIÓNS

| | |
|---|---|
| *Vicerreitor, Alcalde, Profesora, Titora Académica | √ vicerreitor, alcalde, profesora, titora académica |

## 43. CICLOS E ETAPAS FORMATIVAS

| | |
|---|---|
| *Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato | √ educación secundaria obrigatoria, bacharelato |

## 44. PARTES XENÉRICAS DAS OBRAS E DOS DOCUMENTOS LEGAIS

| | |
|---|---|
| *Artigo, Capítulo, Anexo, Disposición Adicional, Gráfico, Fase, Táboa | √ artigo, capítulo, anexo, disposición adicional, gráfico, fase, táboa |

## 45. ESPAZOS FÍSICOS DE ESTABLECEMENTOS OU DE EDIFICIOS

*Secretaría Virtual, Laboratorio de Cultivos Celulares, Salón de Graos, Decanato

√ secretaría virtual, laboratorio de cultivos celulares, salón de graos, decanato

## 46. ALGUNHAS DENOMINACIÓNS DE USO CORRENTE

*Traballo de Fin de Grao, Traballo de Fin de Mestrado, Obxectivo de Desenvolvemento Sostible, Comunidade Autónoma de Galicia, Internet, Tecnoloxías da Información e da Comunicación, Segunda Guerra Mundial, Covid-19

√ traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado, obxectivo de desenvolvemento sostible, comunidade autónoma de Galicia, internet, tecnoloxías da información e da comunicación, segunda guerra mundial, covid-19

## 47. EXCESO DE NOMINALIZACIÓN

*para a realización do traballo

√ para realizar o traballo

*o Tribunal Constitucional decántase pola indicación de que o importante é a capacidade económica

√ o Tribunal Constitucional decántase por indicar que o importante é a capacidade económica

*a aplicación da teoría aprendida fai mellorar os resultados

√ aplicar a teoría aprendida fai mellorar os resultados

## 48. ABUSO DA VOZ PASIVA

| | |
|---|---|
| *todos os elementos foron sometidos a unha revisión | √ todos os elementos sometéronse a unha revisión |
| *cando as persoas entrevistadas son preguntadas polos principais obstáculos | √ cando se lles pregunta ás persoas entrevistadas polos principais obstáculos |
| *este imposto foi creado pola Lei do Parlamento andaluz 18/2003 | √ a Lei do Parlamento andaluz 18/2003 creou este imposto |

## 49. *PROCEDER A + SUBSTANTIVO/INFINITIVO*

| | |
|---|---|
| *procedeuse á súa revisión | √ revisouse |
| *procederase a explicar | √ explicarase |
| *procedeuse a solicitar unha entrevista | √ solicitouse unha entrevista |

## 50. PARTICIPIO AO COMEZO DUNHA ORACIÓN

| | |
|---|---|
| *chegados a este punto | √ unha vez chegados a este punto |
| *comprobada esta hipótese | √ logo de comprobar esta hipótese |
| *rematada cada toma | √ tras rematar cada toma |

## 51. DATAS CON PREPOSICIÓNS

| | |
|---|---|
| *En Ourense, a 14 de xuño de 2021 | √ Ourense, 14 de xuño de 2021 |
| *Vigo, de 1 de xullo de 2021 | √ Vigo, 1 de xullo de 2021 |

## 52. AUSENCIA DA LINGUAXE INCLUSIVA

| | |
|---|---|
| *varios autores | √ varios autores e autoras // varias autoras e autores |
| *traballadores | √ persoal traballador // cadro de persoal // traballadoras e traballadores // traballadores e traballadoras |
| *os/as nenos/as | √ os nenos e nenas // as nenas e nenos // as criaturas |
| *dos e das futuras alumnos e alumnas | √ do futuro alumnado // dos futuros alumnos e alumnas // das futuras alumnas e alumnos |
| *estes estudantes | √ estes e estas estudantes // estas e estes estudantes // este estudantado |
| *como cidadáns | √ como cidadás e cidadáns // como cidadáns e cidadás // como cidadanía |

# GAL

PARA ESQUECERMOS...

# EGO

| | |
|---|---|
| *~~a nivel de~~ | √ no referente a, con respecto a, no ámbito, en relación con |
| *~~a partires de~~ | √ a partir de |
| *~~a pesares de~~ | √ a pesar de |
| *~~a tal fin~~ | √ para tal fin |
| *~~a veces~~ | √ ás veces |
| *~~aforo~~ | √ capacidade, cabida |
| *~~aparte de~~ | √ á parte de |
| *~~búsqueda~~ | √ busca |
| (un acontecemento ou unha reunión) → *~~celebrar~~ | √ ter lugar, realizar, levar a cabo, efectuar |
| *~~conducta~~ | √ conduta |
| *~~conforme a~~ | √ conforme |
| *~~conlevar~~ | √ implicar, levar consigo, supor, comportar, dar lugar, significar, ocasionar, |
| *~~consonte a~~ | √ consonte |
| (prever unha circunstancia) → *~~contemplar~~ | √ ter en conta, recoller, prever, considerar, establecer, dispor, estudar, incluír |
| *~~custe~~ | √ custo |

| | | |
|---|---|---|
| | ~~*de acordo a~~ | √ de acordo con |
| | ~~*de seguido~~ | √ deseguido |
| (ter lugar, realizar) | ~~*desenrolar; desenrolo~~ | √ desenvolver; desenvolvemento |
| | ~~*deterioro~~ | √ deterioración |
| (subst.) | ~~*diferencia~~ | √ diferenza |
| (pór algo nun lugar) | ~~*emprazar; emprazamento~~ | √ localizar, situar; localización, situación |
| | ~~*en relación a~~ | √ en relación con |
| | ~~*entorno~~ | √ contorno, contorna, medio, ámbito, ambiente, contexto |
| | ~~*esto~~ | √ este |
| (de estudar) | ~~*estudio~~ | √ estudo |
| | ~~*financiación~~ | √ financiamento |
| (título) | ~~*grado~~ | √ grao |
| | ~~*gracias~~ | √ grazas |
| (empregar capital ou esforzos en algo) | ~~*invertir; inversión~~ | √ investir; investimento |
| | ~~*licencia~~ | √ licenza |
| (relación ou enumeración dunha serie de nomes) | ~~*listado~~ | √ listaxe |
| | ~~*mentras~~ | √ mentres |
| | ~~*novidoso~~ | √ novo |
| | ~~**on line*~~ | √ en liña, virtual, telemático |

(desempeñar ou ter)

| | |
|---|---|
| *~~ostentar~~ | √ exercer, desempeñar, posuír |
| *~~plantexar; plantexamento~~ | √ formular, propor, expor, crear, presentar, considerar, proxectar, elaborar, implantar, enfocar; formulación, proposta, exposición, creación, presentación, consideración, proxecto, elaboración, implantación, enfoque |
| *~~presencia~~ | √ presenza |
| *~~profundizar~~ | √ profundar |
| *~~quenes~~ | √ quen |
| *~~rasgo~~ | √ trazo |
| (unha distancia) *~~recorrer~~ | √ percorrer |
| *~~reflexar~~ | √ reflectir |
| *~~reparto~~ | √ repartición |
| *~~retrasar~~ | √ atrasar |
| *~~seguemento~~ | √ seguimento |
| *~~según~~ | √ segundo |
| *~~sen embargo~~ | √ non obstante, no entanto, porén |
| *~~servicio~~ | √ servizo |
| *~~sesgo~~ | √ nesgo |
| (conxunción condicional) *~~si~~ | √ se |

| | |
|---|---|
| *~~soer~~ | √ adoitar |
| *~~suministrar; suministro~~ | √ subministrar; subministración |
| *~~suxerencia~~ | √ suxestión |
| *~~ubicar; ubicación~~ | √ localizar, situar; localización, situación |
| (artigo) → *~~una~~ | √ unha |
| *~~xeralizar~~ | √ xeneralizar |

# OS MEUS ERROS

# OS MEUS ERROS

# OS MEUS ERROS

# OS MEUS ERROS

# GAL
# EGO

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo

9 788412 302899